XUNTA DE GALICIA

Cofinanciado pola Unión Europea

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

16/10/2026

AVISO FITOSANITARIO
Corythucha arcuata (Chinche de encaixe do carballo)



Corythucha arcuata, coñecido comunmente como chinche de encaixe do carballo ou tigre do carballo, é un hemíptero da familia *Tingidae* que causa danos en especies do xénero *Quercus*. É orixinaria de Norteamérica e detectouse por primeira vez en Europa no ano 2000 no norte de Italia. En Galicia tívose coñecemento da súa presencia a mediados do mes de agosto de 2023.

As ninfas e os adultos, que se atopan no envés das follas da especie hóspede, perforan a epiderme e extraen o zume do material celular e do parénquima. Os signos típicos deste tipo de alimentación son as punteaduras amarelas producidas pola picada que van medrando e se funden en manchas amarelo-grisadas na face da folla, o que provoca a decoloración da mesma debido á perda de clorofila.

No envés das follas infestadas obsérvanse facilmente pequenas partículas negras, correspondentes aos excrementos das ninfas e dos adultos.



En Galicia, identificouse inicialmente nos concellos de Crecente e Arbo (Pontevedra) a mediados de agosto do 2023. En prospeccións feitas en masas de carballos a finais dese mesmo ano detectouse a súa presenza tamén nos concellos de Ponteareas (Pontevedra) e Cortegada (Ourense).

Nos anos posteriores *C. arcuata* non se atopou fora de esta zona ata que a finais do verán do 2026 se comprobou a súa presencia en diferentes zonas das provincias de Pontevedra e Ourense en masas tanto de Q. *robur* (carballo) como de *Q. pyrenaica* (rebola, carballa,...).

Nestes momentos estanse realizando prospeccións en masas de *Quercus* de toda a comunidade para coñecer o alcance da praga e a súa intensidade.

Para crear a rede de puntos de prospección empregouse unha malla de 8x8 km que se superpuxo sobre as zonas que o 4º Inventario Forestal Nacional (4IFN) sinala con *Q. robur* o *Q. pyrenaica* como especie principal. Seleccionáronse os puntos con *Quercus* máis próximos os vértices de esta malla.



Preséntase a continuación o resultado das prospeccións feitas durante as últimas semanas



Durante as próximas semanas seguiranse realizando prospeccións en masas de *Quercus* de toda a comunidade para coñecer o alcance da praga e a súa intensidade.